

## **Oncomet coordina dous proxectos Euronanomed3 promovidos pola unidade de nano-oncoloxía**

**Galicia segue situándose á vangarda da investigación oncolóxica grazas ao grupo de Oncoloxía Médica do Instituto de Investigación Sanitaria de Santiago de Compostela na súa aposta pola nanomedicina**

**Trátase de dous proxectos promovidos pola Unidade de Nano-Oncoloxía do grupo para o desenvolvemento de terapias innovadoras baseadas en nanotecnoloxía para o tratamento do cancro de pulmón e cancro de páncreas**

**O financiamento total para cada un dos proxectos supera o millón de euros**

**Santiago, 05 de decembro 2018.-** Galicia segue situándose á vangarda a investigación oncolóxica grazas ao Grupo de Oncoloxía Médica do Instituto de Investigación Sanitaria de Santiago de Compostela (*IDIS*). Nesta ocasión, a través da Unidade de Nano-Oncoloxía, que iniciou a súa actividade no ano 2013 baixo a dirección de María de la Fuente, Oncomet coordinará dous proxectos europeos para o desenvolvemento de terapias innovadoras baseadas en nanotecnoloxía para o tratamento do cancro de pulmón e cancro de páncreas, desde o laboratorio situado no Hospital Clínico de Santiago.

Trátase de dous dos doce proxectos europeos aprobados na última convocatoria da plataforma europea para o financiamento de proxectos de I+D+i en nanomedicina. Dos doce proxectos seleccionados, sete son coordinados por entidades españolas entre os que se atopan os proxectos METASTARG e PANIPAC que coordina Oncomet a través da súa Unidade de Nano-Oncoloxía. O financiamento total para cada un dos dous proxectos do grupo supera o millón de euros.

METASTARG e PANIPAC enmárcanse dentro da convocatoria ERA-NET Euronanomed III, dirixida a promover a aplicación da nanotecnoloxía en medicina e saúde. En ambos os proxectos participan outros investigadores CIBER formando parte dun único equipo de investigación, así como grupos internacionais e compañías para o desenvolvemento da tecnoloxía.

O principal obxectivo do consorcio METASTARG é desenvolver novas ferramentas que permitan a detección temperá de células que han diseminado a outros órganos, para liberar terapias específicas, de forma que sexa posible interromper a progresión de metástase. Para iso farase uso de nanopartículas que foron desenvoltas e patentadas pola Unidade de Nano-Oncoloxía de Oncomet.

“Este proxecto busca mellorar significativamente o diagnóstico e tratamento do cancro de pulmón para evitar que se produza un crecemento descontrolado de metástase. A pesar dos grandes avances en nanomedicina nos últimos anos trátase dunha proposta pioneira que aborda un proceso complexo, e en caso de éxito o impacto será enorme”, sinala María de la Fuente, coordinadora do proxecto e directora da Unidade de Nano-Oncoloxía.

Pola súa banda, o consorcio PANIPAC busca modificar o microambiente tumoral en cancro de páncreas, para poder tratar aos pacientes con novos medicamentos de inmunoterapia que, aínda que están a dar



Instituto de Investigación Sanitaria  
SANTIAGO DE COMPOSTELA



lugar a resultados altamente prometedores noutro tipo de tumores, seguen sen ser efectivos en cancro de páncreas, un dos máis letais na actualidade. Con esta finalidade, desenvolveranse nanopartículas fotoactivables e compostas a base de lípidos bioactivos, partindo tamén de tecnoloxía desenvolta na propia Unidade de Nano-Oncoloxía. Segundo Rafael López, coordinador do proxecto e director de Oncomet, “a inmunoterapia revolucionou o campo da oncoloxía e con este proxecto pretendemos que os pacientes con cancro de páncreas poidan beneficiarse dela. Presentamos unha estratexia altamente innovadora que podería ademais ser de aplicación para outro tipo de tumores”.

### **EuronanoMed3**

A terceira edición da plataforma europea EuroNanoMed de investigación en nanomedicina, que comezou en 2016 e terminará en 2021, está dirixida a promover a aplicación da nanotecnoloxía en medicina e saúde. Formada por 25 institucións de 25 países e coordinada polo Instituto de Saúde Carlos III (ISCIII) EuroNanoMed é unha plataforma para organismos e ministerios establecidos desde 2008.

Os programas nacionais e rexionais de financiamento da investigación únense co obxectivo de crear e financiar proxectos de investigación e innovación en colaboración que poidan converter a investigación en nanotecnoloxía en logros prácticos en medicina.

EuroNanoMed apoia proxectos de investigación e innovación multidisciplinares e traslacionais que cobren: medicina rexenerativa, diagnóstico e sistemas de administración dirixidos. EuroNanoMed3 é a nova Acción de ERA-Net Cofund sobre Nanomedicina no marco de Horizonte 2020 que se baseará nos logros dos seus predecesores para apoiar á comunidade de investigación europea de Nanomedicina.

### Sobre o *IDIS*

O Instituto de *Investigación Sanitaria de Santiago de Compostela (IDIS)* é un centro de investigación traslacional, de innovación e transferencia de coñecemento que favorece as sinerxias entre a Área Sanitaria de Santiago de Compostela e a Universidade, ás que están vinculados 80 grupos e máis de 1.000 investigadores. Naceu en 2008 para poñer en valor o coñecemento aplicado e converteu a Galicia en referente internacional no campo da biomedicina. Foi o primeiro centro galego acreditado polo Instituto de Saúde Carlos III en 2010 e a súa captación de fondos para a investigación creceu preto dun 300% desde entón. Lidera proxectos de investigación europeos desde o ámbito das neurociencias e a pediatría.

### **Saúdos**